

# Prácticas no estranxeiro 2018-19

## QUEN PODE PARTICIPAR?

Alumnos e alumnas de ciclo superior que estean ou estiveran matriculados no centro e superen o proceso de selección.

Curso	Tipo de mobilidade que pode solicitar
2º CSAF	FCT
Titulados	Prácticas

## QUE PODES SOLICITAR?

- Bolsas ERASMUS+ para realizar a FCT no estranxeiro (alumnado 2º CS 2017/2018).
- Bolsas ERASMUS+ para prácticas no estranxeiro **de postgraduados** (alumnado CS).
  - O proceso de selección debe realizarse no último curso dos estudos.
  - Duración: as prácticas poden durar ata 12 meses, pero só se recibe bolsa os 3 primeiros.
  - O período de prácticas debe completarse nos 12 meses posteriores á obtención do título.
- Bolsas da Consellería de Educación nas condicións que se establezan nas respectivas convocatorias anuais.

## REQUISITOS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA:

- O/a estudante deberá estar matriculado/a ou ter rematado o Ciclo Superior de Administración e Finanzas do IES Terra de Trasancos.

- O/a estudante deberá presentar a solicitude de participación no programa ERASMUS+ nos prazos establecidos que estarán publicados no taboleiro de anuncios e na web do centro.
- O/a estudante non poderá ter participado con anterioridade no programa Erasmus+ ou no PAP (Erasmus, Leonardo, etc.).\*

\*No caso de ter desfrutado dunha bolsa ERASMUS ou LEONARDO con anterioridade, descontaríase o tempo xa desfrutado dos 12 meses totais que se poden ter. Cómpre ter en conta que, dos 12 meses máximos das mobilidades Erasmus+, recíbese bolsa un máximo de 5 meses para mobilidades formativas e de 3 meses para prácticas.

## **CRITERIOS DE EXCLUSIÓN**

a) Antes da publicación da lista de seleccionados:

- Ter sido obxecto de calquera tipo de medida correctora de conduta (expulsión temporal do centro, apertura de expediente disciplinario, etc.).
- Non presentar os documentos requiridos (formulario de solicitude, CV, carta de motivación...) nos prazos estipulados, ou que non asistan ás probas ou á entrevista.
- Ter máis de dous módulos de primeiro suspensos en xuño.

b) Despois da publicación da lista de seleccionados:

- Non superar todos os módulos do Ciclo Formativo de Grao Superior que estean cursando (agás a FCT, no caso de ir facela no estranxeiro).
- Por motivos de forza maior renunciar a ser incluídos no proceso de selección. Esta renuncia deberá estar documentada.

## **CRITERIOS DE DESEMPATE**

En caso de empate, unha vez rematado o proceso de selección, seguiranse os seguintes criterios:

1. Ter cursado a totalidade do ciclo formativo no IES Terra de Trasancos.
2. Ter obtido unha nota maior na proba de idioma.

## PROC ESO DE SELECCIÓN

### 1ª FASE: ENTREVISTA PERSOAL. (40%)

A entrevista persoal co alumno solicitante, será levada a cabo por un equipo de selección formado por: a Coordinadora de programas internacionais, a Directora, a Orientadora e a Xefa do Departamento de FOL.

Previamente á entrevista, o candidato terá presentado a ficha de recollida de datos, o seu currículo modelo *Europass* e unha carta de motivación en castelán ou galego, no prazo establecido, que se comunicará con suficiente antelación.

Durante a entrevista valoraranse os seguintes aspectos:

- Currículo do alumno.
- Motivación, madurez e autonomía persoal.
- A flexibilidade e adaptabilidade do alumno.
- A información aportada polo titor/a e o equipo docente do alumno.
- O compromiso económico.

### 2ª FASE: PROBA DE LINGUA ESTRANXEIRA. (35%)

- Esta fase é **eliminatória** e pretende valorar se os candidatos teñen as competencias comunicativas necesarias para realizar con éxito as prácticas no estranxeiro.
- Organizaranse probas de **inglés**. De haber candidatos interesados en facer as prácticas noutras linguas, estudarase a posibilidade de organizar probas específicas.
- No caso de que un alumno se presente a varias probas, a efectos de clasificación terase en conta aquela na que obteña unha nota máis alta. A efectos de adxudicación de destino, o alumno poderá optar a aqueles dos que teña superada a proba de lingua correspondente.
- Todos os candidatos deben presentarse: non se farán “validacións”.
- As probas terán unha parte oral e outra escrita. O profesorado encargado de elaboralas decidirá a súa estrutura e contidos.

Unha vez rematada a segunda fase do proceso de selección, publicarase a listaxe de preseleccionados por orde de puntuación.

### 3ª FASE: EXPEDIENTE ACADÉMICO E INFORME DO EQUIPO DOCENTE. (25%)

Finalizada a terceira e última fase, publicarase a listaxe definitiva do alumnado seleccionado coa adxudicación das becas e as prazas asignadas.

### IMPORTE DAS BOLSAS

País de destino	Bolsa mensual (ata 3 meses máx.)
Dinamarca, Irlanda, Francia, Italia, Austria, Finlandia, Suecia, Reino Unido, Noruega, Liechtenstein.	400 €
Bélxica, República Checa, Alemaña, Grecia, Croacia, Chipre, Luxemburgo, Holanda, Portugal, Eslovenia, Islandia, Turquía.	350€
Bulgaria, Estonia, Letonia, Lituania, Hungría, Malta, Polonia, Romanía, Eslovaquia, Macedonia.	300€

### DURACIÓN DA MOBILIDADE

3 meses, aproximadamente.

### FORMACIÓN LINGÜÍSTICA

Os alumnos que realicen prácticas no estranxeiro dentro do programa ERASMUS+ disporán de formación lingüística online nas seguintes linguas dispoñibles na ferramenta OLS ( francés, inglés, alemán, italiano, holandés, portugués, ...). Esta formación será prescriptiva para o alumnado seleccionado.

Os estudantes deberán realizar, como mínimo, unha avaliación inicial e outra final da súa competencia lingüística na lingua na que vai realizar as prácticas. Os resultados destas avaliacións non serán tidos en conta para a adxudicación das bolsas.